



**Pasos a seguir para constituír  
unha Comunidade Enerxética  
como Asociación, Cooperativa  
ou Sociedade Mercantil en  
Galicia - Convenios  
administrativos**



## Índice

<b>1 Modificaci3n</b> .....	<b>2</b>
<b>2 An3lise dos pasos a seguir para a constitu3n de CE:</b> .....	<b>3</b>
2.1. Asociaci3n: .....	3
2.2. Cooperativas .....	7
2.3. Sociedade Mercantil .....	12
2.4. Convenios administrativos .....	16

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerx3tica_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



## 1 Modificaciones

Data	Versión	Aclaraciones
04/04/2024	V00	Versión inicial

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



## 2 Análise dos pasos a seguir para a constitución de CE:

No presente documento expóranse o pasos a seguir para constituír unha Comunidade Enerxética (CE) mediante unha das formas xurídicas determinadas no documento previo “TSI0423IN001\_v00 Análise das formas xurídicas para o desenvolvemento das CE”. É dicir, como Asociación, Cooperativa ou Sociedade Mercantil. Ademais inclúese un apartado onde se describen as características que ten que cumprir un Convenio administrativo para que unha administración pública, o marxe das entidades locais, poida ter cobertura xurídica o apoiar directamente a unha comunidade enerxética.

### 2.1. Asociación:

Os pasos para constituír unha asociación en Galicia esixidos pola normativa vixente son:

#### 2.1.1. PASO 1. Creación dos estatutos:

Os estatutos son o documento que rexerá o funcionamento e a organización da asociación. Estes deben conter, como mínimo, a seguinte información:

- ④ Nome e domicilio da asociación.
- ④ A súa duración se non se constitúe por tempo indefinido.
- ④ O obxectivo ou fins que persegue.
- ④ Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados.
- ④ Os dereitos e obrigas dos asociados.
- ④ Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación
- ④ Os órganos de goberno e representación.
- ④ O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de peche do exercicio asociativo.
- ④ O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso.
- ④ Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, sen que poida desvirtuar o carácter non lucrativo de la entidade.

Con respecto á denominación da asociación hai que ter en conta que o Rexistro de asociación non inscribirá a denominación cando:

- ④ Inclúa expresións contrarias ás leis ou poida supoñer vulneración dos dereitos fundamentais.

Pasos a seguir para constituír unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



- Ⓞ Estea formada exclusivamente co nome de España, os das súas comunidades autónomas, provincias, municipios, illas e demais entidades locais, co nome dos órganos das Administracións públicas, ou cos dos Estados estranxeiros ou organizacións internacionais.
- Ⓞ Incorpore termos dotados de valor institucional como «estatal», «oficial», «público», «real» ou calquera outro que induza a confusión sobre a natureza xurídico-privada da entidade, salvo que esta conte coa correspondente autorización.
- Ⓞ Inclúa termos ou expresións que induzan a erro ou confusión sobre a súa propia identidade, ou sobre a clase ou natureza da mesma, en especial, mediante a adopción de palabras, conceptos ou símbolos, acrónimos e similares propios de persoas xurídicas diferentes, sexan ou non de natureza asociativa.
- Ⓞ Denominacións que inclúan os dominios de Internet, tales como «.es», «.com», «.net», «.gal» ou «.org».
- Ⓞ Cando coincida ou se asemelle de maneira que poida crear confusión:
  - Coa de entidades preexistentes, sexan ou non de nacionalidade española, salvo que, previa autorización das mesmas, se constitúan como filiais ou delegacións e introduzan algún patronímico que as distinga.
  - Coa de ningunha outra asociación previamente inscrita no Rexistro ou que se atope incorporada ao ficheiro de denominacións de asociacións.
  - Cos nomes ou pseudónimos das persoas físicas, salvo consentimento expreso das mesmas ou dos seus sucesores. Presúmese prestado o consentimento cando a persoa cuxo nome ou pseudónimo figure na denominación sexa socia fundadora da asociación.
  - Cunha marca rexistrada notoria, salvo que a inscrición a solicite a persoa titular da mesma ou conste o seu consentimento.

Enténdese que existe identidade non só no caso de plena coincidencia na denominación, senón tamén cando concorra algún dos seguintes supostos:

- A utilización das mesmas palabras en distinta orde, xénero ou número.
- A utilización das mesmas palabras coa adición ou supresión de termos, artigos, preposicións, conxuncións, guións, signos de

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



puntuación e demais expresións ou partículas de escaso significado.

Pola súa parte, os termos «federación», «confederación» e «unión de asociacións» están reservados ás entidades asociativas de segundo grao definidas no artigo 2.2 do Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións. Mentres, a expresión «asociación xuvenil» queda reservada a aquelas sometidas ao Real Decreto 397/1988, do 22 de abril, polo que se regula a inscrición rexistral de Asociacións xuvenís.

Para saber se a denominación que se pretende inscribir figura xa inscrita nos rexistros de asociacións, pódese consultar o ficheiro de denominacións na sede electrónica <https://sede.mir.gob.es/nfrontal/webasocia.html>.

### **2.1.2. PASO 2. Convocatoria da Asemblea Constituínte:**

O seguinte paso é convocar unha asemblea constituínte, onde se aproban os estatutos e elíxense os primeiros cargos e órganos de goberno. Débese fixar a data, hora e lugar da asemblea, e notificar a todas as persoas interesadas en participar.

Desta primeira asemblea débese levantar acta fundacional á que se anexan os estatutos.

### **2.1.3. PASO 3. Inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia:**

Unha vez aprobados os estatutos e constituída a xunta directiva, procédese á inscrición da asociación no Rexistro de Asociacións de Galicia. Para iso débese presentar unha solicitude que obrigatoriamente será a través de medios electrónicos utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A solicitude irá dirixida a Secretaría Xeral Técnica, se a asociación ten ámbito territorial de Galicia ou ámbito superior a unha provincia ou á Xefatura territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Coruña, Lugo, Ourense ou Pontevedra, se a asociación ten ámbito territorial local ou provincial.

O prazo de resolución da solicitude de inscrición é de tres meses sendo o silencio administrativo positivo. É dicir, se en tres meses a Administración no responde enténdese rexistrada a Asociación

### **2.1.4. PASO 4. Trámites ante a Administración tributaria. Solicitude do Número de identificación fiscal (NIF), alta no censo de empresarios, profesionais e retedores e alta no censo do Imposto de Actividades Económicas (IAE):**

Para a obtención do NIF provisional debe presentarse cuberto o modelo normalizado 036 ante a Axencia Tributaria. É necesario facer isto antes da realización de calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servizos, percepción de cobros ou abonos

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



de pagos, ou contratación de persoal laboral e en todo caso ten que facerse dentro do mes seguinte ao da formalización da acta fundacional.

Este mesmo modelo 036 é o utilizado tamén para a alta censual no censo de empresarios, profesionais ou retedores. Isto tamén debe facerse en todo caso dentro do mes seguinte ao da formalización da acta fundacional

Por último, para a alta no IAE debe presentarse o modelo 840 na Administración Tributaria correspondente ao lugar onde se exerza a actividade. Deben presentarse tantas altas como actividades das catalogadas neste imposto se realicen. Esta alta ten que realizarse no prazo dun mes desde o comezo da actividade.

#### **2.1.5. PASO 5. Obtención dun NIF definitivo ante a Axencia Tributaria:**

O NIF definitivo obtense coa presentación do modelo 036 ante a Axencia Tributaria nun prazo de seis meses desde a obtención do NIF provisional.

#### **2.1.6. PASO 6. Trámites ante o Ministerio de Trabajo. Alta na seguridade social e solicitude do número de patronal en caso de contratación de traballadores e solicitude do libro de visitas:**

En caso de que a asociación conte con traballadores, débense dar de alta na seguridade social nun prazo de sesenta días desde o comezo da relación laboral.

Ademais, no caso de contratar traballadores, tamén se debe solicitar o número de patronal antes de proceder a tal contratación.

Por último, o libro de visitas poñeráo a disposición da asociación a Inspección de Trabajo e Seguridade Social sen necesidade de alta.

#### **2.1.7. PASO 7. Legalización dos libros obrigatorios.**

Os libros sociais (libro de contas anuais, plan de actuación, libro de actas, libro diario e libro de inventarios e contas anuais) deben ser dilixenciados e legalizados polo Rexistro de asociacións.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



## 2.2. Cooperativas

Os pasos para constituír unha cooperativa de ámbito galego esixidos pola normativa vixente son:

### 2.2.1. PASO 1. Solicitud de Certificación do Rexistro de Sociedades Cooperativas:

Con carácter previo á constitución da cooperativa solicitarase deste Rexistro certificación respecto de que o nome elixido para a cooperativa non está sendo utilizado por outra cooperativa.

A certificación ten unha validez de seis meses desde que se expide podendo ampliarse por outros seis. É dicir, a cooperativa debe ser constituída dentro dese prazo ou outra cooperativa poderá pasar a utilizar o nome proposto.

As cooperativas galegas deben incluír necesariamente na súa denominación as palabras «sociedade cooperativa galega» ou a súa abreviatura «s. coop. galega».

Por outro lado, ademais de que ningunha entidade pode adoptar denominación idéntica á doutra xa existente, tampouco se poden usar nomes equívocos ou que induzan a confusión en relación co seu ámbito, obxecto social ou clase, nin con outro tipo de entidades.

### 2.2.2. PASO 2. Solicitud do Número de identificación fiscal (NIF) provisional:

Para a obtención do NIF provisional debe presentarse cuberto o modelo normalizado 036 ante a Axencia Tributaria. É necesario facer isto antes da realización de calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servizos, percepción de cobros ou abonos de pagos, ou contratación de persoal laboral.

### 2.2.3. PASO 3. Apertura dunha conta corrente a nome da cooperativa e aportación dos cooperativistas do capital que lles corresponda:

O capital mínimo para constituír unha cooperativa en Galicia é de 3.000 euros, se ben se pode pactar un capital superior en caso de consideralo así os cooperativistas. Este debe estar ingresado nunha conta bancaria antes do outorgamento da escritura pública de constitución.

O banco debe emitir un certificado ao respecto.

### 2.2.4. PASO 4. Elaboración dos Estatutos:

Do mesmo xeito que no caso dunha asociación, débense redactar os estatutos da cooperativa, que son o documento que rexerá o seu funcionamento e organización. Os estatutos deben conter como mínimo a seguinte información:

- Ⓞ A denominación da sociedade.
- Ⓞ O domicilio social.

Pasos a seguir para constituír unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



- ⌘ O obxecto social.
- ⌘ O capital social mínimo.
- ⌘ O ámbito territorial onde desenvolverá as actividades cooperativizadas cos seus socios.
- ⌘ A duración da cooperativa.
- ⌘ As condicións e requisitos para adquirir a condición de cooperativista e o réxime de baixa.
- ⌘ A cuantificación e o establecemento do réxime da participación mínima do cooperativista na actividade cooperativa que desenvolve o seu obxecto e fin social, podendo establecer e regular o principio de exclusividade.
- ⌘ As obrigas e dereitos dos cooperativistas.
- ⌘ As normas de disciplina social, a tipificación das infraccións e sancións, o procedemento sancionador e os recursos.
- ⌘ A forma de publicidade e o prazo para convocar a Asemblea xeral, ordinaria e extraordinaria, en primeira e segunda convocatoria.
- ⌘ A achega obrigatoria mínima ao capital social para adquirir a condición de socio da cooperativa.
- ⌘ A composición do órgano de administración, do de intervención e, no seu caso, do Comité de Recursos da cooperativa, así como a duración do mandato dos seus membros.
- ⌘ O réxime de transmisión das achegas dos socios, así como o seu dereito de reembolso sobre as mesmas.
- ⌘ O réxime das seccións que se cren, no seu caso, na cooperativa.
- ⌘ As causas de disolución da cooperativa.

Os promotores da cooperativa facultados pola Asemblea constituínte poden, con carácter previo á elevación a pública da escritura de constitución, solicitar do Rexistro de cooperativas a cualificación previa do proxecto de estatutos.

### 2.2.5. PASO 5. Celebración da asemblea constituínte:

Con carácter previo á elevación a pública da escritura de constitución da sociedade cooperativa debe ter lugar a Asemblea constituínte, que estará integrada polos promotores da sociedade e que designará de entre eles a quen debe exercer de Presidente e Secretario da mesma. No caso de que a escritura pública de constitución

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



fose outorgada pola totalidade dos promotores da cooperativa e non se fixese uso da facultade de obter a previa cualificación do proxecto de estatutos polo Rexistro de cooperativas, non será necesaria a realización da Asemblea constituínte.

No caso de que si se celebre, a asemblea constituínte deliberará e adoptará, como mínimo, os acordos sobre todos aqueles extremos que resulten necesarios para o outorgamento da correspondente escritura de constitución, aprobando, en todo caso, os estatutos da cooperativa e designando de entre os promotores ás persoas que teñan que outorgar a escritura pública de constitución, cuxo número non poderá ser inferior a tres, debendo estar entre eles, polo menos, o designado como secretario da asemblea constituínte e os designados para desempeñar os cargos do primeiro órgano de administración.

Se se realizasen achegas non en diñeiro, a valoración dada ás mesmas deberá ser aprobada pola Asemblea constituínte.

A acta da Asemblea constituínte deberá recoller as deliberacións e os acordos adoptados, a relación de promotores cos datos establecidos para o outorgamento da escritura de constitución da sociedade e os resultados das votacións, así como o lugar, data e hora da reunión. A acta será certificada por quen exerceu as funcións de Secretario da Asemblea constituínte, co visto e prace do Presidente da mesma.

### 2.2.6. PASO 6. Outorgamento de escritura pública de constitución:

Tras os trámites anteriores débese outorgar escritura pública de constitución polas persoas designadas para ese efecto pola Asemblea constituínte con suxeición aos acordos adoptados pola mesma, salvo que o sexa pola totalidade dos promotores. A escritura de constitución da sociedade cooperativa recollerá, no seu caso, a acta da Asemblea constituínte e debe conter como mínimo:

- ④ A relación dos promotores, cos seus datos de identificación persoal ou a razón ou denominación social, no seu caso, e a actividade comprometida.
- ④ A manifestación dos outorgantes de que todos os promotores reúnen os requisitos legais e estatutarios necesarios para ser socio da cooperativa que se constitúe.
- ④ A manifestación da vontade de fundar unha cooperativa da clase de que se trate.
- ④ Os estatutos.
- ④ A manifestación dos outorgantes de que todos os promotores desembolsaron, como mínimo, o 25% da achega obrigatoria mínima para ser socio, establecida nos estatutos, e a acreditación de que se desembolsou totalmente o capital social mínimo fixado estatutariamente.
- ④ A identificación das persoas designadas para desempeñar os distintos cargos dos órganos sociais, coa súa aceptación e coa declaración expresa de non estar incursas en causa de incapacidade ou incompatibilidade.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



- Ⓞ O valor asignado, se as houberse, das achegas non en diñeiro, con expresión das mesmas e identificación do promotor que as realice ou se obrigase a realizalas.
- Ⓞ A declaración de que non existe outra sociedade cooperativa con idéntica denominación, acompañando para a súa incorporación ao instrumento público certificación da Sección Central do Rexistro de Cooperativas dependente da Administración Xeral do Estado.
- Ⓞ Calquera outro pacto ou acordo que se adoptou na Asemblea constituínte, a condición de que non sexa contrario ao dereito e os principios que configuran a especial natureza da sociedade cooperativa.

### **2.2.7. PASO 7. Inscripción no Rexistro de cooperativas:**

Unha vez outorgada a escritura de constitución da sociedade cooperativa, os promotores facultados deberán solicitar no prazo de dous meses desde o seu outorgamento a inscrición da sociedade no Rexistro de cooperativas.

### **2.2.8. PASO 8. Trámites ante a Administración tributaria. Alta no censo de empresarios, profesionais e retedores e alta no censo do Imposto de Actividades Económicas (IAE):**

Para a tramitar a alta censual no censo de empresarios, profesionais ou retedores utilízase o modelo 036. Isto debe facerse en todo caso dentro do mes seguinte ao outorgamento da escritura pública.

Por último, para a alta no IAE debe presentarse o modelo 840 na Administración Tributaria correspondente ao lugar onde se exerza a actividade. Deben presentarse tantas altas como actividades das catalogadas neste imposto se realicen. Esta alta ten que realizarse no prazo dun mes desde o comezo da actividade.

### **2.2.9. PASO 9. Obtención dun NIF definitivo ante a Axencia Tributaria:**

O NIF definitivo obtense coa presentación do modelo 036 ante a Axencia Tributaria nun prazo de seis meses desde a obtención do NIF provisional.

### **2.2.10. PASO 10. Trámites ante o Ministerio de Traballo. Alta na seguridade social e solicitude do número de patronal en caso de contratación de traballadores e solicitude do libro de visitas:**

En caso de que a asociación conte con traballadores, débense dar de alta na seguridade social nun prazo de sesenta días desde o comezo da relación laboral.

Ademais, no caso de contratar traballadores, tamén se debe solicitar o número de patronal antes de proceder a tal contratación.

Por último, o libro de visitas poñeráo a disposición da asociación a Inspección de Traballo e Seguridade Social sen necesidade de alta.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



### 2.2.11. PASO 11. Legalización dos libros obrigatorios:

Os libros sociais (libro rexistro das persoas socias, libro rexistro de achegas ao capital social, libro de actas da asemblea xeral, do órgano de administración, de informes de censura de contas, se procede, e, no seu caso, do comité de recursos, das xuntas preparatorias e das de sección e libro de inventarios e balances e libro diario) deben ser dilixenciados e legalizados polo Rexistro de sociedades cooperativas.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



## 2.3. Sociedade Mercantil

Os pasos para constituír unha sociedade mercantil, xa sexa unha Sociedade de Responsabilidade Limitada (SL) ou unha Sociedade Anónima (SA), en Galicia esixidos pola normativa vixente son:

### 2.3.1. PASO 1. Solicitude de certificado negativo de denominación social do Rexistro Mercantil Central:

Con carácter previo á constitución da sociedade solicitarase deste Rexistro certificación respecto de que o nome elixido para a sociedade non está sendo utilizado por outra sociedade.

A certificación produce unha reserva da denominación solicitada por un prazo de seis meses. É dicir, a sociedade debe ser inscrita no Rexistro Mercantil dentro dese prazo ou outra sociedade poderá pasar a utilizar o nome proposto. Ademais, desde a expedición do certificado débese outorgar a escritura pública de constitución nun prazo de tres meses. En caso de non facelo este certificado caducaría e deberíase solicitar a súa renovación.

As sociedades limitadas deben incluír necesariamente na súa denominación as palabras «Sociedade de Responsabilidade Limitada», «Sociedade Limitada» ou as súas abreviaturas «S.R.L.» o «S.L.». Mentres, as sociedades anónimas incluírán necesariamente as palabras «Sociedade Anónima» ou a súa abreviatura «S.A.».

### 2.3.2. PASO 2. Solicitude do Número de identificación fiscal (NIF) provisional:

Para a obtención do NIF provisional debe presentarse cuberto o modelo normalizado 036 ante a Axencia Tributaria. É necesario facer isto antes da realización de calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servizos, percepción de cobros ou abonos de pagos, ou contratación de persoal laboral.

### 2.3.3. PASO 3. Apertura dunha conta corrente a nome da sociedade e aportación dos socios do capital que lles corresponda:

O capital mínimo para constituír unha SL é de 1 euro, mentres que nunha SA é de 60.000 euros, se ben se pode pactar un capital superior en caso de consideralo así os socios. No caso da SL mentres que o capital social non alcance a cifra de tres mil euros deberá destinarse á reserva legal unha cifra polo menos igual ao 20 por cento do beneficio ata que dita reserva xunto co capital social alcance o importe de tres mil euros. En caso de liquidación, voluntaria ou forzosa, se o patrimonio da sociedade fose insuficiente para atender o pago das obrigacións sociais, os socios responderán solidariamente da diferenza entre o importe de tres mil euros e a cifra do capital subscrito.

Este capital debe estar ingresado nunha conta bancaria antes do outorgamento da escritura pública de constitución.

O banco debe emitir un certificado ao respecto.

Pasos a seguir para constituír unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



#### 2.3.4. PASO 4. Elaboración dos Estatutos:

Do mesmo xeito que no caso dunha asociación ou unha cooperativa, débense redactar os estatutos da sociedade, que son o documento que rexerá o seu funcionamento e organización. Os estatutos deben conter como mínimo a seguinte información:

- ④ A denominación da sociedade.
- ④ O obxecto social, determinando as actividades que o integran.
- ④ O domicilio social.
- ④ O capital social, as participacións ou as accións en que se divida, o seu valor nominal e a súa numeración correlativa. Se estamos ante unha SL debe expresarse o número de participacións en que se divida o capital social, o valor nominal das mesmas, a súa numeración correlativa e, se fosen desiguais, os dereitos que cada unha atribúa aos socios e a contía ou a extensión destes. Mentres, se se trata dunha SA expresaranse as clases de accións e as series, no caso de que existisen; a parte do valor nominal pendente de desembolso, así como a forma e o prazo máximo en que satisfacelo; e se as accións están representadas por medio de títulos, ou por medio de anotacións en conta ou mediante sistemas baseados en tecnoloxía de rexistros distribuídos. No caso de que se representen por medio de títulos, deberá indicarse se son as accións nominativas ou ao portador e se se prevé a emisión de títulos múltiples.
- ④ O modo ou modos de organizar a administración da sociedade, o número de administradores ou, polo menos, o número máximo e o mínimo, así como o prazo de duración do cargo e o sistema de retribución, se a tiveren.
- ④ O modo de deliberar e adoptar os seus acordos os órganos colexiados da sociedade.

#### 2.3.5. PASO 5. Outorgamento de escritura pública de constitución:

Tras os trámites anteriores débese outorgar escritura pública de constitución. Esta debe conter como mínimo:

- ④ A identidade do socio ou socios.
- ④ A vontade de constituír unha sociedade de capital, con elección dun tipo social determinado.
- ④ As achegas que cada socio realice ou, no caso das SA, se obrigara a realizar, e a numeración das participacións ou das accións atribuídas a cambio.
- ④ Os estatutos da sociedade.
- ④ A identidade da persoa ou persoas que se encarguen inicialmente da administración e da representación da sociedade.

Pasos a seguir para constituír unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



- Ⓞ Se a sociedade fóra unha SL, a escritura de constitución determinará o modo concreto en que inicialmente se organice a administración no caso de que os estatutos prevén diferentes alternativas.
- Ⓞ Se a sociedade fose unha SA, a escritura de constitución expresará, ademais, a contía total, polo menos aproximada, dos gastos de constitución, tanto dos xa satisfeitos como dos meramente previstos ata a inscrición.

Salvo disposición contraria dos estatutos, as operacións sociais darán comezo na data de outorgamento da escritura de constitución.

### **2.3.6. PASO 6. Inscrición no Rexistro Mercantil da provincia do domicilio social:**

Os socios fundadores e os administradores deben presentar a inscribir no Rexistro Mercantil a escritura de constitución no prazo de dous meses desde a data do outorgamento e responderán solidariamente os danos e prexuízos que causaren polo incumprimento desta obrigaón. A inscrición da escritura de constitución e de todos os demais actos relativos á sociedade poderán practicarse previa xustificación de que foi solicitada ou realizada a liquidación dos impostos correspondentes a tal acto.

Polos actos e contratos celebrados en nome da sociedade antes da súa inscrición no Rexistro Mercantil responderán solidariamente quen os celebre, a non ser que a súa eficacia quedase condicionada á inscrición e, no seu caso, posterior asunción dos mesmos por parte da sociedade. Pola súa parte, polos actos e contratos indispensables para a inscrición da sociedade, polos realizados polos administradores dentro das facultades que lles confire a escritura para a fase anterior á inscrición e polos estipulados en virtude de mandato específico polas persoas a tal fin designadas por todos os socios, responderá a sociedade en formación co patrimonio que tivese. Neste caso, os socios responderán persoalmente ata o límite do que se obrigaron a achegar.

Salvo que a escritura ou os estatutos sociais dispoñan outra cousa, se a data de comezo das operacións coincide co outorgamento da escritura fundacional, entenderase que os administradores están facultados para o pleno desenvolvemento do obxecto social e para realizar toda clase de actos e contratos.

Unha vez rexistrada, a sociedade quedará obrigada polos actos e contratos citados, así como polos que acepte dentro do prazo de tres meses desde a súa inscrición. En ambos os supostos cesará a responsabilidade solidaria de socios, administradores e representantes que se indicaba anteriormente.

### **2.3.7. PASO 7. Alta no censo de empresarios, profesionais e retedores e alta no censo do Imposto de Actividades Económicas (IAE):**

Para a tramitar a alta censual no censo de empresarios, profesionais ou retedores utilízase o modelo 036. Isto debe facerse en todo caso durante os trinta días hábiles posteriores ao outorgamento da escritura pública.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



Por último, para a alta no IAE debe presentarse o modelo 840 na Administración Tributaria correspondente ao lugar onde se exerza a actividade. Deben presentarse tantas altas como actividades das catalogadas neste imposto se realicen. Esta alta ten que realizarse no prazo dun mes dende o comezo da actividade.

### **2.3.8. PASO 8. Obtención dun NIF definitivo ante a Axencia Tributaria:**

O NIF definitivo obtense coa presentación do modelo 036 ante a Axencia Tributaria nun prazo de seis meses dende a obtención do NIF provisional.

### **2.3.9. PASO 9. Trámites ante o Ministerio de Trabajo. Alta na seguridade social e solicitude do número de patronal en caso de contratación de traballadores e solicitude do libro de visitas:**

En caso de que a asociación conte con traballadores, débense dar de alta na seguridade social nun prazo de sesenta días desde o comezo da relación laboral.

Ademais, no caso de contratar traballadores, tamén se debe solicitar o número de patronal antes de proceder a tal contratación.

Por último, o libro de visitas poñeráo a disposición da asociación a Inspección de Trabajo e Seguridade Social sen necesidade de alta.

### **2.3.10. PASO 10. Legalización dos libros obrigatorios:**

Os libros sociais (Libro de inventarios e contas anuais, libro diario, libro de actas, libro de rexistro dos socios, libro rexistro de accións nominativas, libro rexistro da sociedade e libros fiscais) deben ser dilixenciados e legalizados polo Rexistro Mercantil.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



## 2.4. Convenios administrativos

Os convenios administrativos poden darlle cobertura xurídica ao apoio dalgunha administración a unha comunidade enerxética. Respecto dos mesmos débense ter en contas os seguintes aspectos:

### 2.4.1. Tipos de convenio:

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

- ④ Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas. Poden incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.
- ④ Convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública.
- ④ Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.
- ④ Convenios non constitutivos nin de Tratado internacional, nin de acordo internacional administrativo, nin de acordo internacional non normativo, asinados entre as Administracións Públicas e os órganos, organismos públicos ou entes dun suxeito de Dereito internacional, que estarán sometidos ao ordenamento xurídico interno que determinen as partes.

En todo caso, os convenios non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos.

### 2.4.2. Requisitos de validez e eficacia dos convenios:

Entre os requisitos para a validez e eficacia dos convenios débese destacar:

- ④ Non pode supoñer a cesión dunha competencia titularidade da Administración.
- ④ Debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- ④ Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriba ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



- ⌚ As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Pola súa parte, os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. Así, os convenios subscritos pola Administración Xeral do Estado ou algún dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes resultarán eficaces unha vez rexistrados, no prazo de 5 días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal. Igualmente, deben ser publicados no prazo de 10 días hábiles desde a súa formalización no «Boletín Oficial do Estado».

### 2.4.3. Contido dos convenios:

Os convenios administrativos deberán incluír, polo menos, as seguintes cuestións:

- ⌚ Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- ⌚ A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- ⌚ Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- ⌚ Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houberse, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente.
- ⌚ Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- ⌚ Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.
- ⌚ O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- ⌚ Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:
  - 1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que exista unha norma que indique un prazo superior.
  - 2.º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

#### 2.4.4. Trámites preceptivos para a subscrición de convenios e os seus efectos:

Para a subscrición dun convenio é necesario, en primeiro lugar, que se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento dos demais requisitos legais.

Ademais, se estamos ante un convenio suscrito pola Administración Xeral do Estado ou os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes débese acompañar de:

- ④ Informe do seu servizo xurídico, que deberá emitirse nun prazo máximo de sete días hábiles desde a súa solicitude, transcorridos os cales se continuará a tramitación. En todo caso, o devandito informe deberá emitirse e incorporarse ao expediente antes de proceder ao perfeccionamento do convenio. Non será necesario solicitar este informe cando o convenio se axuste a un modelo normalizado informado previamente polo servizo xurídico que corresponda.
- ④ Calquera outro informe preceptivo que estableza a normativa aplicable, que deberá emitirse nun prazo máximo de sete días hábiles desde a súa solicitude, transcorridos os cales se continuará a tramitación. En calquera caso, deberán emitirse e incorporarse ao expediente todos os informes preceptivos antes de proceder ao perfeccionamento do convenio.
- ④ Autorización previa do Ministerio de Facenda e Función Pública para a súa firma, modificación, prórroga e resolución por mutuo acordo entre as partes, que deberá emitirse nun prazo máximo de sete días hábiles desde a solicitude, transcorridos os cales se continuará a tramitación. En todo caso dita autorización deberá emitirse e incorporarse ao expediente antes de proceder ao perfeccionamento do convenio.
- ④ Informe do Ministerio de Política Territorial, respecto dos convenios que se subscriban entre a Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, coas Comunidades Autónomas ou con Entidades Locais ou cos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, nos casos seguintes:
  - Convenios cuxo obxecto sexa a cesión ou adquisición da titularidade de infraestruturas pola Administración Xeral do Estado.
  - Convenios que teñan por obxecto a creación de consorcios.
- ④ Cando os convenios plurianuais suscritos entre Administracións Públicas inclúan achegas de fondos por parte do Estado para financiar actuacións a executar exclusivamente por parte doutra Administración Pública e o Estado

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI04231N002_v00	04/04/24



asuma, no ámbito das súas competencias, os compromisos fronte a terceiros, a achega do Estado de anualidades futuras estará condicionada á existencia de crédito nos correspondentes presupostos.

- Os convenios interadministrativos subscritos coas Comunidades Autónomas serán remitidos ao Senado polo Ministerio de Política Territorial.

Pasos a seguir para constituir unha Comunidade Enerxética_Convenios	
TSI0423IN002_v00	04/04/24



Área de Edificación Sostenible e Industria  
[energylab@energylab.es](mailto:energylab@energylab.es)

Edificio CITEXVI

Fonte das Abelleiras, s/n. 36310, Vigo.

T\_986 12 04 50 F\_986 12 04 51

[energylab@energylab.es](mailto:energylab@energylab.es)

[www.energylab.es](http://www.energylab.es)